



ACT-INCLUSIVE – Actores do Cambio cara a Educación Inclusiva

Acordo de subvención N.º 101090038 — ACT INCLUSIVE — ERASMUS-EDU-2022-PCOOP-ENGO



NOTA DE PRENSA 5

*Acerca da Campaña de
Sensibilización*



Financiado pola Unión Europea. Non obstante, os puntos de vista e opinións expresados son exclusivamente os do autor ou autores e non reflicten necesariamente os da Unión Europea nin os da Axencia Executiva no Ámbito Educativo e Cultural Europeo (EACEA). Nin a Unión Europea nin a EACEA poden ser consideradas responsables das mesmas [Número de proxecto: 2022-PCOOP-ENGO-101090038].



ACT-INCLUSIVE: Actores do Cambio cara a Educación Inclusiva

[Acordo de subvención N.º 101090038 — ACT INCLUSIVE — ERASMUS-EDU-2022-PCOOP-ENGO]

NOTA DE PRENSA 5 – Acerca do Manual de Formación, a Toolbox e a Campaña de Sensibilización

Contacto: Catuxa Pereira Cacheda, coordinadora Área de Proxectos, COGAMI-Confederación Galega de Persoas con Discapacidade.
Modesto Brocos, 7 – Bloque 3 – Baixos – C.P. 15704 // proxectos@cogami.gal
Santiago de Compostela

Campaña de Sensibilización

Estase a levar a cabo, a través das canles oficiais do Proxecto, unha campaña específica en redes sociais para continuar avanzando na sensibilización acerca da importancia de que os sistemas educativos sexan inclusivos.

A campaña inclúe as seguintes accións clave:

- Produción dun [video](#) explicativo do Proxecto
- Vídeo-testemuñas acerca do desenvolvemento dos Obradoiros nos países participantes no Proxecto
- Publicación de notas de prensa e boletíns coas últimas novidades do Proxecto
- Creación e difusión de mensaxes en redes sociais, destacando as actividades e logros do Proxecto

Lanzada durante os eventos do *Día da Inclusión*, a campaña durará ata a conferencia final do Proxecto en novembro de 2025.

Materiais ACT-INCLUSIVE: Toolbox e Manual de Formación e Sensibilización

O Proxecto ACT-INCLUSIVE comprácese en anunciar a finalización de dous dos seus materiais máis destacados: o [Manual de Información e Sensibilización](#) e a [Toolbox de actividades de educación non-formal para a inclusión educativa](#).

O Manual de Información e Sensibilización foi deseñado para dous grupos obxectivo: alumnado e persoal dos centros educativos, e contén unha serie de módulos formativos creados para construír o coñecemento, as habilidades e as actitudes necesarias para crear contornas escolares inclusivas. O Manual de Formación e Sensibilización aborda diversos temas relacionados coa discapacidade e a educación inclusiva, como: *Modelos de discapacidade, a inclusión como proceso de cambio educativo, a construción de contornas, organizacións e escolas inclusivas*.

A *Toolbox* de ACT-INCLUSIVE ofrece unha colección de actividades de educación non-formal, centradas na educación inclusiva. Inclúe metodoloxías de aprendizaxe baseadas no xogo, como o *role-playing*, actividades de inspiración teatral e xogos de mesa, deseñados para o seu uso por parte do profesorado, nais e pais e calquera persoa interesada en mellorar a

Commented [1]: hyperlink



Cofinanciado por
la Unión Europea

Financiado pola Unión Europea. Non obstante, os puntos de vista e opinións expresados son exclusivamente os do autor ou autores e non reflicten necesariamente os da Unión Europea nin os da Axencia Executiva no Ámbito Educativo e Cultural Europeo (EACEA). Nin a Unión Europea nin a EACEA poden ser consideradas responsables das mesmas [Número de proxecto: 2022-PCOOP-ENGO-101090038].



inclusión. Os recursos que contén organizáronse en cinco categorías clave: Cultura Inclusiva, Educación Inclusiva, Sensibilización, Accesibilidade e Xogos Inclusivos. Todos eles se adecúan a diversos niveis educativos, dende a Educación Infantil ata a Formación Profesional.

Tanto o Manual de Formación e Sensibilización como a *Toolbox* están dispoñibles en liña en sete idiomas: Inglés, Grego, Galego, Español, Francés, Húngaro e Esloveno.

Metas e Impacto

O obxectivo xeral da campaña de ACT-INCLUSIVE, xunto co Manual de Formación e Sensibilización e a *Toolbox*, é promover a educación inclusiva proporcionando ás escolas recursos prácticos, atractivos e accesibles. Ditos recursos axudarán ao profesorado, ao alumnado e ao persoal dos centros educativos a desenvolver plantexamentos inclusivos e poñer en marcha actividades con visión de futuro, ao tempo que a campaña de sensibilización servirá como altafalante destes esforzos, chegando a un público máis amplo a través de plataformas dixitais.

En conxunto, estas iniciativas contribuíron a incrementar as capacidades, aumentar a sensibilización e fortalecer o compromiso, entre as comunidades educativas, de construír escolas máis inclusivas e equitativas.

Direccións Futuras

ACT-INCLUSIVE continuará a promover o uso de materiais en institucións educativas ao longo de toda Europa. Os seguintes pasos do Proxecto inclúen o Encontro Transnacional final entre as entidades socias, ademais da Conferencia de clausura, que terá lugar en Bruxelas en novembro de 2025. Alumnado e profesorado de todos os países das entidades socias participará na Conferencia intercambiando ideas, narrando as súas experiencias e celebrando as súas contribucións ao Proxecto.

Acerca de ACT-INCLUSIVE

ACT-INCLUSIVE dedícase a pilotar o cambio cara unha educación inclusiva a través do fomento de estratexias de educación non-formal. Traballamos estreitamente con escolas, familias e comunidades para asegurar que cada estudante, independentemente das súas habilidades, reciba o apoio e recursos que precise para prosperar.

Información de Contacto

Para mais información, por favor, visite a nosa páxina web: <https://easpd.eu/project-detail/act-inclusive-raising-awareness-on-inclusive-education-and-empowering-students-with-disabilities/>